



Resolución reitoral de 8 de setembro de 2025 pola que se resolve a convocatoria dos programas internacionais de mobilidade do persoal da Universidade da Coruña a países asociados.

Mediante resolución reitoral de 11 de xullo de 2025, establecéronse as bases reguladoras dos programas internacionais de mobilidade do persoal da Universidade da Coruña a países asociados e procedeuse á súa convocatoria para o curso 2025/26.

O 29 de agosto de 2025 publicouse a proposta de adxudicación elaborada pola Comisión de selección, abríndose un prazo de cinco días no que non se presentaron alegacións.

Polo exposto, e en virtude do disposto nas bases reguladoras, esta Reitoría

RESOLVE:

1º) Aprobar a adxudicación de bolsas a países asociados entre as persoas que presentaron as súas solicitudes ata o 24 de agosto de 2025, que se recollen no anexo.

2º) Ordenar a publicación desta resolución e notificarlla ás persoas adxudicatarias por correo electrónico, facéndolles saber que disporán dun prazo de cinco días naturais a partir da súa recepción para formalizar a súa aceptación, e que, unha vez formalizada a aceptación deberán asinar un convenio financeiro coa UDC que lles será remitido pola ORI por correo electrónico.

Contra esta resolución, que pón fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de Xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa ou, potestativamente, un recurso potestativo de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ambos prazos comezarán a contarse dende o día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Títulos e Internacionalización



ANEXO I. Relación de beneficiarios

CURSO ACADÉMICO	PROGRAMA	NOME	DATA INICIO PREVISTO	DATA FIN PREVISTO	INSTITUCIÓN DESTINO	PAIS DESTINO	CENTRO UDC	DÍAS FINANCIADOS	AXUDA INDIVIDUAL MAX. PREVISTA	AXUDA VIAXE	BOLSA MAX. TOTAL PREVISTA
2025/26	Erasmus+Partner Countries-STT	Rodríguez Martínez, Roberto	26/01/2026	30/01/2026	Universidade de Cabo Verde	Cape Verde	EXI	7 (5+2)	1330	580	1910